

REDE GALEGA CONTRA A POBREZA



MEMORIA RESUMO EAPN-GALICIA

2018

Presentación.....	3
Participando: “Quítannos o dereito de quenes queremos ser: divídenos, etiquétannos, métenos en caixas”	5
Defendendo unha RISGA digna	7
Inclusión laboral e emprego digno para persoas en pobreza severa	8
Compromiso para a aplicación da perspectiva de xénero en EAPN-Galicia e as súas entidades membro	8
Campañas de Comunicación: #MentirasPobreza, #Reclamolgualdade e #ContraPobreza	9
Campaña da renda “X Solidaria 2018”	10
Seminario “Organización e Produción dun evento Solidario”	10
Día da Erradicación da Pobreza. Informe Estado de Pobreza en Galicia 2018 e Exposición “Ninguén á marxe”	11
Día Xustiza Social. Exposición "Dun muro de mentiras a un muro de Inclusión" no Parlamento	12
Boletín "En Rede Social"	13
Construíndo rede, incidindo e participando	13

PRESENTACIÓN

A Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN-Galicia) é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión social a través da defensa dos dereitos das persoas mediante a incidencia política e social. Naceu no 2008 respondendo á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvoltas en Galicia.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-España) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.

Na actualidade está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769. Está constituída por 128 ONG de primeiro nivel a través dos seus 25 socios directos, todas elas entidades representativas de colectivos vulnerables, que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

ACCEM Galicia * Asociación para a Prevención e a Educación Social (A.P.E.S.) * **Arela** * Asamblea Cooperación pola Paz (ACPP) * **Boa Vida** **Inclusión Activa** * **Cáritas Mondoñedo Ferrol** * **Caritas Tui-Vigo** * **Caritas Lugo** * **Caritas Ourense** * Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) * **Centro Desenvolvemento Rural O Viso** * **Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas** * **Ecos do Sur** * **Emaús Fundación Social** * **Federación Autismo Galicia** * **Saúde Mental-FEAFES Galicia** * **Federación Alzheimer Galicia** * **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** * **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA)** * **Fundación Amaranta** * **Fundación Érguete Integración** * **Fundación Juan Soñador** * **Fundación Meniños** * **Fundación Secretariado Xitano** * **Fundación Ronsel** * **Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)** * **Médicos do Mundo**

As relacións entre as persoas e todas as entidades nomeadas que forman parte da Rede condúcense consonte aos seguintes valores: independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade e equidade de xénero.

Misión

"EAPN Galicia - Rede Galega Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, dende un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva"

Partindo da misión e os valores establecidos no Plan Estratéxico 2016-2019¹, EAPN-Galicia constrúe as súas actuacións e esforzos en base ós seguintes obxectivos:

1. **Facilitar os fluxos de información** entre as organizacións do terceiro sector e **contribuír á formación** dos seus diversos axentes.
2. **Contribuír ó análise da realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas** e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
3. **Incidir nas políticas sociais** desenvoltas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
4. **Defender ó Terceiro Sector de Acción Social** como actor imprescindible no sistema de servizos sociais públicos. Fomento dun diálogo civil normalizado e estable e recoñecemento do seu orixe non lucrativo na contratación pública.
5. Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, **desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións**, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.

¹ <http://eapn-galicia.com/es/quienes-somos/mision-vision-e-valores/>

6. **Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades** membro e diante das diversas administracións públicas.
7. **Sensibilizar ao conxunto da sociedade** e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular Administracións Públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

PARTICIPANDO: “QUÍTANNOS O DEREITO DE QUENES QUEREMOS SER: DIVÍDENNOS, ETIQUÉTANNOS, MÉTENNOS EN CAIXAS”

Ó longo do 2018 implicámonos en tres seminarios de fomento da participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión social.

O 23 de maio celebrouse o [IX Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva](#). Procurouse favorecer o empoderamento e a participación real e efectiva das persoas, defendendo e loitando polos dereitos fundamentais. Supuxo unha oportunidade para cuestionar situacións da vida cotiá que impiden a plena inclusión das persoas, perpetúan situacións inxustas e alimentan estereotipos negativos e accións cheas de prexuízos.

A esta xornada acudiron preto de 90 participantes (a maioría en situación ou risco de pobreza ou exclusión) das entidades membro da rede, buscando reflexionar sobre as desigualdades ás que se



enfrenta cada persoa en diferentes áreas da nosa sociedade (laboral, sanitaria, educación, rendas mínimas, e especialmente nas de xénero), así como que propostas poderían levarse a cabo para combater ditas desigualdades.

O 21 de xuño tivo lugar en Valença do Minho o [Seminario de Participación Luso-Galaico](#), un encontro entre EAPN Galicia e EAPN Portugal co obxectivo de coñecer as diferentes dinámicas e procesos de participación que se levan a cabo en ambas as dúas redes.

Tratouse dun espazo de reflexión sobre o traballo desenvolvido por cada unha, intercambio de experiencias e busca de posibilidades de traballo conxuntas. Neste senso traballárase en aspectos como reforzar os estudos e propostas de loita contra a pobreza na eurrrexión Galicia – Norte de Portugal. Dende ambas redes reclamárase que o neoloxismo “aporofobia” (odio as persoas en pobreza) sexa recoñecido tamén oficialmente na lingua portuguesa, como ven de facer a Real Academia da Lingua Galega.

Por último o 12, 13 e 14 de setembro, organizado por EAPN Canarias e EAPN España, tivo lugar o **“XII Encontro de Participación ‘Gobernanza, Participación e Dereitos’**, centrado nas



diferentes canles de participación existentes: social, comunitaria e política, para identificar indicacións ou recomendacións por parte das entidades, a administración e a comunidade para favorecer a participación a tódolos niveis das persoas en situación de pobreza ou exclusión.

De forma previa a este encontro, o 6 de setembro o Grupo de Participación de EAPN-Galicia reuniuse na Sede de EMAÚS en Vigo, para realizar un obradoiro de formación e xeración de propostas en torno á participación e á gobernanza no Seminario.

QUE RECLAMAMOS?

- REXISTRO MEMBROS**
 - Realizar reunións de traballo e xestión, adaptadas ás necesidades das familias e persoas para permitir unha vida autónoma. Tíñen que ser un dereito constitucional, coas mesmas condicións que os cidadáns de outras rexións e países. Non se pode tratar a pobreza como un problema de saúde pública. Non se pode tratar a pobreza como un problema de saúde pública. Non se pode tratar a pobreza como un problema de saúde pública.
- EMPREGO**
 - Empleo digno en salarios e condicións. Máis inspección para controlar abusos e discriminación. Tódolos cidadáns deben ter acceso a educación e formación. Tódolos cidadáns deben ter acceso a educación e formación.
- VIVIENDA**
 - Acceso a vivendas sociais 100% accesibles con estudo previo de necesidades de cada persoa. Necesidades de accesibilidade, ingresos, etc. Acceso a vivendas sociais 100% accesibles con estudo previo de necesidades de cada persoa.
- EDUCACIÓN**
 - Garantía de acceso igualitario a formación superior e secundaria. Garantía de acceso igualitario a formación superior e secundaria.
- SAÚDE**
 - Servizos de saúde. Conxestión en saúde e educación. Conxestión en saúde e educación.
- OUTRAS**
 - Calidade de vida. Acceso a servizos sociais. Acceso a servizos sociais.

PROGRAMA

12 SETEMBRO

16.00 Rexistro e acreditacións

16.30 Rexista participantes

17.00 Obradoiro: “Xeración de propostas de cambio social”

13 SETEMBRO

9.00 Inauguración

10.00 “A participación como garantía de dereitos de cidadanía”

11.15 Café

11.45 “Gobernanza eficaz: a participación no proceso de adopción das decisións públicas”

13.00 “A participación como base para a cidadanía activa”

14.15 Fotografía Conxunta

14.30 Comida

16.00 A Prazo da Participación

18.00 Acto simbólico

14 SETEMBRO

9.00 Mesa de debate: “A práctica da gobernanza, a participación e os dereitos”

10.30 Conclusións

11.00 Clausura e despedida

XII SEMINARIO ESTATAL DE PARTICIPACIÓN

Las Palmas de Gran Canaria
12 a 14 de setembro 2018

Gobernanza Participación Dereitos

INFORMACIÓN SOBRE O SEMINARIO E PROPOSTAS DELEGACIÓN GALEGA

PARTICIPACIÓN

✓ Ser parte ✓ Estar en ✓ Ter parte
✓ Sentirse parte ✓ Tomar parte

PARTICIPACIÓN CIDADÁ
Tomar parte nos decisións sociais e políticas nun marco territorial concreto.

PARTICIPACIÓN COMUNITARIA
Proceso de traballo colectivo no cal os membros dunha comunidade interveñen nas tarefas de organización, planificación e execución das súas propostas de desenvolvemento asumindo un papel protagonista na defensa dos seus intereses.

PARTICIPACIÓN SOCIAL
A súa principal finalidade é defender e mobilizar intereses sociais e crear unha conciencia social. Debe aumentar a motivación, a capacidade e a posibilidade de que os individuos, colectivamente, interveñan nos asuntos sociais.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA
Elemento esencial dos sistemas democráticos. Toda actividade da cidadanía que estea dirixida a intervir na designación dos gobernanos e a influir nos mesmos con respecto a unha política estatal.

PARTICIPACIÓN NAS ENTIDADES SOCIAIS
Está en construción e depende dos procesos que se poñan ou non en marcha para a promoción dentro da propia entidade.

Sub-Obxecto → Participante

ELEMENTOS NECESARIOS

Voluntariado
Empoderamento
Acción colectiva

GOBERNANZA

QUE SON AS POLÍTICAS PÚBLICAS?
Aquelas que determinan practicamente todo o que nos rodea, e de ahí a súa importancia. Dende a familia que alimosa a nosa vida, ata a política que determina o SMI. Son aquelas que o goberno decide facer e o que decide non facer.

TEMOS CAPACIDADE PARA ADOPTAR AS POLÍTICAS?
Existen diversas formas de influir nas políticas. A gobernanza trata de influir en aquelas políticas que o goberno decide abrir á participación.

QUE É POLO TANTO, A GOBERNANZA?
Só podemos falar de gobernanza cando é o goberno o que decide que os actores participen. A definición de gobernanza é o resultado da creación de estruturas de goberno que impliquen a actores do mercado e a actores da sociedade civil no acto de goberno.

DEREITOS

DEREITO A PARTICIPACIÓN
Procesos que deben ser participativos e están regulados por normativas e leis que permiten esa participación e inclúe obxectos como gobernanza, participación e inclusión.

PARTICIPACIÓN COMO GARANTÍA DE DEREITOS
Cando a través da participación conseguimos facer efectivos o resto de dereitos fundamentais, por exemplo cando nos movilizamos para conseguir que un determinado dereito se cumpra.

O dereito a opinar, a liberdade de asociación ou o dereito a estar informado. Pero a súa vez a participación social é tamén indispensable para lograr o respecto pleno e o exercicio dos dereitos humanos, principalmente das persoas que se atopan en condicións de vulnerabilidade.

Gobernanza xerárquica

Goberno/Estado coordina e determina de arriba a abaixo as normas de actuación

Gobernanza de mercado

Goberno permitindo que o mercado, baixo relación co sector privado

Gobernanza en rede

Cooperación e colaboración entre actores que se reflicte a participación dos actores no goberno. Gobernanza en rede é a gobernanza que se realiza a través da participación dos actores no goberno. Gobernanza en rede é a gobernanza que se realiza a través da participación dos actores no goberno.

“BO GOBERNO”

✓ Participación ✓ Transparencia ✓ Consenso
✓ Responsabilidade ✓ Legalidade
✓ Eficacia e eficiencia ✓ Sensibilidade

AS NOSTRAS PROPOSTAS PARA A GOBERNANZA

Consellos Populares de Participación cidadá municipal, organización directiva por EAPN.

Ferramentas para aprender a mellorar as estratexias de diálogo coas administracións.

Seguimento das propostas feitas polas persoas participantes dos Seminarios de EAPN, para avaliar e medir o seu nivel de incidencia e impacto nas políticas públicas.

Redes de gobernanza, formadas por números elevados e heteroxéneos de actores.

Reunións sistemáticas, non puntuais, que melloren as oportunidades de participación.

DEFENDENDO UNHA RISGA DIGNA

Froito do traballo continuado do Grupo de Traballo RISGA de EAPN-Galicia elaborando propostas para o Decreto regulador da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia, realizouse durante 2018 unha análise dos borradores do Decreto así como unha revisión documental e normativa para tentar mellorar os aspectos máis decisivos de cobertura social desta renda.

Elaborouse unha batería de emendas e recomendacións a ter en conta en relación ao decreto, que se presentaron á Consellería de Política Social, con quen se tiveron varias xuntanzas.

Froito desta incidencia política aceptáronse por exemplo emendas relativas ao recoñecemento das AIS como dereito subxectivo, a posibilidade de percibir dous complementos de vivenda íntegros no mesmo enderezo, o aumento do mesmo, pasando de estar nun 10% a un 15% nos casos de familias con menores a cargo e a súa compatibilidade con outras axudas da mesma finalidade, ou a redución de 9 a 6 meses do requisito de duración do contrato de traballo no tramo de transición.



O 24 de abril, no marco do programa europeo [EMINBus](#) no que varios autobuses percorreron os países da Unión reclamando un sistema europeo de rendas mínimas, EAPN-Galicia organizou unha das tres paradas que o autobús fixo en España, en Santiago de Compostela.

A raíz disto, realizouse un seminario no Colexio Rosalía de Castro sobre como avanzar cara unha Renda Mínima Garantida na Unión Europea, España e Galicia (RISGA), dirixido a persoal técnico das entidades. Con motivo do Seminario, expúxose o "Muro das Mentiras" no propio centro estudantil, e realizouse unha dinámica de sensibilización e concienciación social en contra dos prexuízos e das mentiras, cos alumnos do centro.

INCLUSIÓN LABORAL E EMPREGO DIGNO PARA PERSOAS EN POBREZA SEVERA

Deseñouse e presentóuselle a Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha proposta de convocatoria-clúster de inserción sociolaboral de persoas en situación de pobreza severa que permita incluír todas as fases dun programa de inclusión laboral, financiando todo o proceso de inserción e contratación do persoal implicado no mesmo e reducindo drasticamente a burocracia das convocatorias actuais. Cunha orientación decidida a resultados e compromisos de inserción laboral e fomento do traballo en rede entre entidades para asegurar sinerxías con contratadores dende un primeiro momento.

Este informe recibiu a aceptación por parte da Consellería, que ten prevista a súa elaboración e aprobación ao longo do 2019.

COMPROMISO PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN EAPN-GALICIA E AS SÚAS ENTIDADES MEMBRO

No 2018, comezou a andar o Grupo de traballo de Xénero co requisito de

elaborar un documento cos compromisos mínimos de obrigado cumprimento de cara a implantar a perspectiva de xénero en tódalas áreas de intervención.

Este documento, que será aprobado pola Asemblea xeral de EAPN Galicia no 2019, debe servir de base para a equiparación de dereitos e condicións entre homes e mulleres en EAPN e nas súas entidades membro.



CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN: #MENTIRASPOBREZA, #RECLAMOIGUALDADE E #CONTRAPOBREZA

Partindo do traballo realizado polo grupo de Participación o pasado ano para o VIII Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva, lanzouse de novo a campaña de comunicación [#MentirasPobreza](#) o 20 de febreiro, día Internacional da Xustiza Social, con motivo da exposición “Dun muro das mentiras a un muro da inclusión” que se realizou no Parlamento de Galicia.



Paralelamente ó IX Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva, lanzouse nas redes sociais, baixo a etiqueta de [#Reclamoligualdade](#), unha campaña para cuestionar situacións da vida cotiá que impiden a plena inclusión das persoas, perpetúan situacións inxustas, alimentan estereotipos negativos e accións prexuízosas.

A campaña [#ContraPobreza](#) realizouse xunto a EAPN España e paralelamente a exposición [“Ningún a Marxe”](#) que se inaugurou no Parlamento de Galicia o día 17 de outubro (Día Internacional de Erradicación da Pobreza).

Tivo como fin visibilizar as demandas realizadas por persoas participantes de encontros de Participación galegos e estatais.




CAMPAÑA DA RENDA “X SOLIDARIA 2018”

O 5 de abril presentouse en Santiago de Compostela a nova campaña da **“X Solidaria”**. Máis de 400 persoas “debuxaron” sobre o chan da Praza do Obradoiro unha “X” dando visibilidade á importancia de



marcar a casiña de fins sociais.

En cumprimento co establecido no Plan Estratéxico 2016-2019², realizouse un mapa detallado dos principais servizos prestados polas entidades do Terceiro Sector Galego financiados coa casiña de fins sociais do IRPF.



SEMINARIO “ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DUN EVENTO SOLIDARIO”

O 25 de abril, o Grupo de Traballo de Comunicación da rede organizou un **Seminario de organización de eventos** para persoal remunerado ou voluntario de organizacións sociais cunha duración de 4 horas e media. Esta xornada, dirixida a persoal técnico, contou coa participación de máis de 50 persoas de vinte das nosas entidades membro de toda Galicia, que tiveron a oportunidade de aprender as claves de organización e

25 DE ABRIL DE 2018

SEMINARIO DE ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DUN EVENTO SOLIDARIO

PROGRAMA

10:00 - 12:00 O PROCESO DE PRODUCCIÓN DE EVENTOS

- Pre-producción: que, quen, cando, onde, como, canto e por qué?
- Producción: montaxe, equipamento, participantes e desmontaxe
- Termos útiles
- Documentos útiles

12:00 - 12:20 PAUSA CAFÉ

12:20-13:30 PROCESO DE PRODUCCIÓN DE EVENTOS

- Caso de estudo

13:30 - 14:30 A COMUNICACIÓN DE EVENTOS

- Aproximación á estrutura dun Plan de Comunicación: diagnose, obxectivos, públicos, soportes, estratexia e tácticas, accións e materiais, cronograma e orzamento

Organiza

EAPN

agareso

http://www.pobreza.gal

Colaboran

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

www.pobrezagalicia.org

² <http://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2014/07/Plan-Estrate%CC%81xico-EAPN-Galicia-2016-2019-DEF.pdf>

producción dos eventos sociais que se levan a cabo dende calquera entidade social, así como mellorar a súa comunicación.

DÍA DA ERRADICACIÓN DA POBREZA. INFORME ESTADO DE POBREZA EN GALICIA 2018 E EXPOSICIÓN “NINGUÉN Á MARXE”



O 17 de outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, inaugurouse no Parlamento de Galicia a exposición “Ninguén á marxe” #ContraPobreza, con

fotografías de persoas das organizacións membro de EAPN Galicia (traballadoras, voluntarias ou participantes). Pretendeu mostrarlles a deputados, deputadas e responsables políticas as demandas e propostas de loita contra a pobreza e a exclusión social, en especial as debatidas nos últimos encontros e Seminarios de Participación, como o de Santiago de Compostela.




No acto fíxose lectura da Declaración Institucional contra o odio e a intolerancia ás persoas en pobreza ou exclusión, aprobada por unanimidade no pleno do Parlamento de Galicia.

Paralelamente presentouse o informe “Estado da pobreza en Galicia”, elaborado en base á última información do Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre a pobreza e exclusión en Galicia. Un informe que forma parte do estudo “El estado de pobreza en España 2018” .

No 2017 case a cuarta parte da poboación galega seguía en risco de pobreza. Aínda que máis de 78.000 persoas saíron da situación quedan máis de 612.000 nesta situación.

Ademais, a melloría das cifras xerais non está chegando ás mulleres. O 24,4% seguen en risco de pobreza e/ou exclusión social, fronte ao 20,7% dos homes.



Fonte: INE

Entre 2016 e 2017, 30.507 homes saíron da pobreza, mentres 20.913 mulleres entraron nela. A tendencia cara a feminización da pobreza en Galicia (como no resto do estado) é especialmente palpable cos datos específicos de pobreza, con taxas 3,6 puntos máis elevadas para as mulleres que para os homes.

DÍA XUSTIZA SOCIAL. EXPOSICIÓN "DUN MURO DE MENTIRAS A UN MURO DE INCLUSIÓN" NO PARLAMENTO

O 20 de febreiro celebrouse o [Día Mundial da Xustiza Social](#) inaugurando no Parlamento de Galicia a exposición "[Dun muro das mentiras a un muro da inclusión](#)".

Coa presenza do presidente do Parlamento, a Valedora do Pobo, o Conselleiro de Política Social e deputados, deputadas e responsables de organizacións e plataformas sociais galegas, lanzouse en redes sociais a campaña



#MentirasPobreza desmentindo e argumentando contra as mentiras e falsidades aporofóbicas denunciadas por persoas en pobreza ou exclusión e transmitindo mensaxes e imaxes reais e en positivo sobre a realidade das persoas coas que se traballa.

BOLETÍN "EN REDE SOCIAL"



O boletín informativo ["En Rede Social"](#) pretende ser un espazo de información para toda persoa ou entidade interesada en coñecer as últimas novas das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero.

Lévanse editados 12 boletíns superando xa as 300 persoas subscritas. A subscrición pode realizarse de xeito sinxelo en: [Subscrición Boletín EnRedeSocial](#).

CONSTRUINDO REDE, INCIDINDO E PARTICIPANDO

Co obxectivo de fortalecer a rede, establecer novas alianzas entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, e ser interlocutor de referencia dando a coñecer a entidade e as súas actuacións, EAPN-Galicia levou a cabo e/ participou en diversas accións e actividades que se relacionan de seguido:

- **O Grupo de Traballo de Comunicación** foi o encargado das campañas de sensibilización da: "X Solidaria", #MentirasPobreza, #Reclamoligualdade e #ContraPobreza, tanto en redes sociais como con accións nas entidades. No marco deste grupo, impulsouse no 2018 a elaboración dun argumentario e dun documento guía para as portavocías de EAPN como se recollía no Plan Estratéxico de Comunicación 2018-2019.

Tamén organizou o Seminario sobre a organización de eventos solidarios, xunto á Asociación Galega de Reporteiros Solidarios destinado á profesionais e voluntarias encargadas da área de comunicación das entidades membro da rede.

- **Grupo de Traballo Participación:** coa premisa do fomento da participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social, dende o grupo impulsouse o IX Encontro Galego de Participación e Cidadanía inclusiva, así coma dos actos celebrados no Parlamento de Galicia, no Día Mundial da Xustiza Social (20 de febreiro) e no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza (17 de outubro).
- **Informe “A situación da vivenda en Galicia 2018”:** recollendo a información estatística de interese sobre o acceso á vivenda, así como a normativa e os recursos sociais existentes neste ámbito. Este documento completárase no 2019 coas propostas de mellora aprobadas polas entidades membro da rede para así fortalecer o traballo de incidencia neste eido.
- **Burocracia = barreira cara ó crecemento social:** Obxecto de análise e desenvolvemento no ano 2019 comezouse a realizar o informe: “Como a burocracia é a maior barreira cara o crecemento social”. Con el preténdese facer visible e concretar ámbitos onde o crecemento da burocracia extrema é unha barreira no proceso de inclusión social das persoas ademais de entorpecer a boa praxe profesional e a xestión das organizacións membro. A preocupación polo aumento dos requisitos administrativos é notable nas organizacións de acción social. Son contraproducentes e limitan a eficacia no traballo das profesionais, provocando unha crecente inseguridade xurídica e sobre todo estando a prexudicar seriamente a milleiros de persoas en risco de pobreza ou exclusión. En palabras dunha participante na Asemblea de EAPN Galicia: “o noso traballo estase a converter nun sudoku”.
- **Definición de obxectivos das novas subvencións a cargo 0.7% IRPF:** Durante o 2018 mantívose o traballo para adaptarse á sentenza do Tribunal Constitucional que obriga a que estas subvencións sexan xestionadas dende

as Comunidades Autónomas. Coa Consellería de Política Social traballouse puntualmente na definición dos obxectivos desta convocatoria autonómica tentando garantir os principios de ser destinada a programas xestionados por ONG de acción social, indivisibilidade dos fondos nunha única convocatoria pública, simplificación burocrática, etc.

- **Axenda Social de Galicia:** Na liña de colaborar e cooperar no desenvolvemento das medidas que integran a Axenda Social de Galicia, participouse nas 5 comisións de traballo que se establecen na mesma (Exclusión residencial, Emprego, Dependencia, Rendas mínimas e inclusión e Pobreza infantil).

En especial elaborouse un documento de medidas sobre pobreza infantil e atención familiar, con propostas para loitar contra a pobreza e a exclusión social dende a infancia. Este documento serviu tamén de base para analizar a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia aprobada no Consello de Benestar.

- **Estudo-Investigación “Movimientos Sociales y Tercer Sector”:** Xunto con EAPN-España e a Plataforma de Voluntariado, colaborouse nesta investigación sobre a relación entre movementos sociais e ONG. Cun enfoque práctico, buscou detectar máis que as diferenzas, as condicións e posibilidades de alianzas e accións conxuntas de cambio ou transformación social en defensa dos dereitos humanos ou a loita contra a pobreza e a desigualdade.

- **XX Congreso Estatal de Voluntariado:** no Congreso que tivo por lema **“Enlázate ao Voluntariado”**, EAPN-Galicia organizou e dinamizou un taller sobre a participación das persoas en pobreza ou exclusión nas entidades de acción social. Tamén se volveron a mostrar as exposicións “Dun muro das mentiras, a un muro da inclusión” e “Ninguén a marxe #ContraPobreza”.




- **Seminarios Pobreza e Exclusión Social:** participación e organización de seminarios e ponencias co fin de multiplicar o impacto das actuacións de

sensibilización sobre pobreza e exclusión social e as demandas das persoas que se atopan nesta situación. No 2018 realizáronse seminarios nas tres universidades galegas.

- **Seminario Rendas Mínimas en España e Integración de políticas contra a pobreza e a exclusión social:** Asistiuse e prestouse apoio técnico nestes seminarios organizados por EAPN España e EAPN-Murcia. Coas temáticas de Rendas Mínimas en España e Integración de políticas contra a pobreza e a exclusión social.



- **Infografías:** Elaboráronse materiais gráficos e infografías sobre distintas materias: **Emprego, RISGA, Participación, etc.**



PROPOSTAS DE INSERCIÓN LABORAL PARA PERSOAS EN POBREZA/EXCLUSIÓN SOCIAL

EAPN 128 organizacións do 3º Sector de Acción Social traballando en rede contra a pobreza e a exclusión social Pobreza.gal

QUE É O TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL?

1º SECTOR O 3º Sector, e especificamente o de Acción Social, agrupa a organizacións sen ánimo de lucro que xurden da iniciativa social da cidadanía e que se adican á inclusión social e laboral das persoas en risco de pobreza ou exclusión social

2º SECTOR

QUÉN INTEGRA EAPN-GALICIA?

ACCEM Galicia * Asociación para a Prevención da Exclusión Social (A.P.E.S.) * Avela* Asombro Cooperación pola Paz (ACPP) * Boa Vida Inclusión Activa * Cáritas Mondoñedo Ferrol * Caritas Tui-Vigo * Caritas Lugo * Caritas Ourense * Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) * Centre Desenvolvemento Rural (CDR) O Vizo * CDR Perlas Abertas * Ecos do Sur * Emaís Fundación Social * Federación Alzheimer Galicia * Federación Saúde Mental- FEFAS Galicia * Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) * Federación Galega de Dane Cerebral (FEGADACE) * Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) * Fundación Amara * Fundación Érguete Integración * Fundación Juan Soñader * Fundación Meniños * Fundación Secretariado Xitano * Fundación Renset * Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) * Médicos do Mundo

CON QUÉ PERSOAS ACTUAMOS? 45000

En situación ou risco de pobreza Perceptoras de RISGA En proceso de rehabilitación social por deshabitación de substancias adictivas Pertencen a una minoría étnica Mulleres vítimas de violencia de xénero Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas Familias monoparentais (un adulto-nun 80% mulleres-a cargo de varios menores) Pais e nais con menores en risco de desprotección e desamparo Discapacidade física ou intelectual Enfermidade mental Enfermidade crónica ou convalecentes Inmigrantes (independentemente da súa situación administrativa) ou emigrantes retornados Mozos e mozas tuteladas ou ex-tuteladas Procedentes de cumprimento de pena en institucións penitenciarias Sen fogar ou habitando infravivenda Transexual ou en proceso de reasignación sexual

CÓMO FACEMOS UN PROCESO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL?

Fases secuenciais ou tarefas solapadas, como parte de procesos máis amplos e personalizados de inclusión social

- 1** Inición persoal e social
Fase previa e transversal
- 2** Difusión e captación
Do servizo informando á poboación
- 3** Información e acollida
Entrevista de acollida
- 4** Diagnóstico da empregabilidade
Entrevista-avaliación de competencias
Deseño do itinerario de inserción: acordos e compromisos
- 5** Prospección e intermediación laboral
Contacto e entrevista con potenciais contratadores
Identificar postos de traballo demandados, competencias requiridas, formación específica, necesidades de adaptación ao posto, etc.
- 6** Orientación laboral
Tutorías individuais e grupais
- 7** Formación
Formación regrada ou específica adaptada ao posto requirido e no entorno de traballo.
- 8** Inserción, seguimento e emprego con apoio
Acompañamento coordinado, entrevistas de seguimento, asesoramento laboral, formación continua e avaliación competencial

TAREFAS TRANSVERSAIS

- Autocoñecemento
- Toma de conciencia
- Compromiso e motivación
- Seguridade e confianza
- Responsabilidade e autonomía
- Habilidades sociolaborais
- Axuste de expectativas
- Traballo co entorno familiar

Ferramenta de xestión e sistematización do proceso

Reforza a calidade e orientación a resultados. Ferramenta informática fundamental que permita ao equipo interdisciplinar unha mellor coordinación. Permite a recollida de datos, sistematización da valoración dos diferentes profesionais, e a planificación e avaliación da intervención.

PROFESIONAIS IMPLICADOS

- Traballador/a Social
- Educador/a Social
- Orientador/a laboral
- Terapeuta ocupacional
- Inspector/a (Axente/Técnico Emprego)
- Mediador/a intercultural
- Psicólogo/a, Psicoeducador/a
- Formación específica adaptada a posto ou demandante emprego

REQUISITOS PARA UN PROGRAMA DE INCLUSIÓN LABORAL EXITOSO

- Proceso de inclusión social previo e/ou transversal ao laboral.
- Duración mínima de 2 anos.
- Equipo de referencia estable.
- Implicación do/a contratador/a antes, durante e despois do proceso.
- Tutorización continua das persoas no proceso.
- Coordinación con administración pública (Xunta, Oficinas de Emprego, concellos, deputación).
- A persoa debe pasar por todas as tarefas do itinerario (secucionalmente ou de xeito simultáneo).
- O esforzo debe dirixirse a obter resultados inserción, non burocracia.

EAPN Pobreza.gal

- **Guía de boas prácticas para a aplicación da linguaxe inclusiva:** Como se estableceu no [Manual de Comunicación básica para entidades non lucrativas](#) elaborado polo Grupo de Comunicación o pasado ano, realizouse un documento específico sobre aplicación da linguaxe inclusiva. Coa filosofía de que se fala dun uso discriminatorio da linguaxe, e non de linguaxe discriminatoria, porque o noso idioma non é en si discriminatorio: o que discrimina é o uso que se faga del. A nosa lingua ten a riqueza e os recursos suficientes para utilizala sen necesidade de excluír, invisibilizar ou marxinar, posto que, ademais, podemos usala como un medio para cambiar unha realidade que non nos gusta e contribuír poderosamente á política para transformar o mundo no que vivimos.
- **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e Axenda 2030 en Galicia:** Participouse o 4 de outubro na xornada organizada pola Coordinadora Galega de ONGD sobre as [posibilidades de implantación da Axenda de Desenvolvemento Sostible en Galicia](#), así como as posibilidades de traballo en rede entre organizacións sociais e institucións galegas.

Na mesma liña organizouse xunto a EAPN España o 12 de decembro en Madrid o obradoiro: “La implantación de los ODS y la Agenda 2030 en los territorios”. Neste obradoiro traballouse xunto a responsables das redes autonómicas no desempeño e posibilidades de actuación no territorio.



Moito máis en:

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia \(Twitter\)](https://twitter.com/EAPNGalicia)

[EAPN Galicia \(Facebook\)](https://www.facebook.com/EAPNGalicia)